

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3365 *Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, estableceu un marco legal de mínimos no sector da distribución e ditouse tendo moi presente o reto que supón o constante proceso de modernización da economía e a necesidade de que a regulación neste ámbito se adecue á realidade dos mercados.

Os novos imperativos derivados da crecente construción do mercado interior fan preciso modificar a lexislación estatal en materia de ordenación do comercio retalista para a adaptar á nova normativa comunitaria.

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, traspón a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que impón aos Estados membros a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se recollen nos artigos 43 e 49 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (TCE), respectivamente.

Esta norma comunitaria supón un fito esencial no proceso de construción do mercado interior de servizos e a súa transposición conduce á modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, para adecuar o seu contido ás exixencias de supresión de trámites innecesarios e de simplificación de procedementos administrativos no outorgamento das autorizacións pertinentes en materia de comercio.

Esta lei modifica a regulación comercial retalista para a adaptar ao establecido pola Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior, e dar así cumprimento ao dereito comunitario tendo en conta o novo marco en que se desenvolve a actividade de comercio ao retallo, pois que estamos ante unha economía cada vez máis globalizada e liberalizada na cal o mercado de referencia do comerciante é o europeo. O modelo comercial español caracterízase por unha elevada densidade comercial (establecementos por habitante), característica dos países mediterráneos e dunha determinada forma de estruturar os núcleos urbanos arredor do comercio. A modificación lexislativa que se propón persegue, sen perder estes valores, incrementar o valor que xera a distribución comercial mediante a liberalización da prestación dos servizos e a supresión de cargas para as empresas.

Así mesmo, cómpre considerar á hora de regular o comercio as novas demandas dos consumidores e os cambios nas pautas e hábitos de consumo da poboación, froito dun novo modelo sociocultural, así como as preferencias dos consumidores en relación cos distintos formatos, emblemas comerciais e modalidades de venda.

A nova regulación inspírase no principio de liberdade de empresa e ten por finalidade facilitar o libre establecemento de servizos de distribución comercial e o seu exercicio, a través dos diferentes formatos comerciais, garantindo que as necesidades dos consumidores sexan satisfeitas adecuadamente. O pequeno e mediano comercio xunto cos grandes establecementos comerciais débense desenvolver en réxime de libre

competencia para que este sector mantenga o seu papel fundamental como motor económico nun contexto de continuos cambios provocados polos avances tecnolóxicos, a maior mobilidade cidadá e a deterioración do ambiente, entre outros factores.

Así mesmo, a ordenación comercial toma como punto de partida a necesidade de que no ámbito da distribución se respecte e garanta a libre competencia entre os distintos operadores comerciais no contexto dunha economía de mercado.

Decidiuse abordar a reforma da Lei de ordenación do comercio retalista de forma independente e separada da do resto de normas estatais con rango de lei, cuxa modificación se efectúa mediante a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, entre outros motivos, pola extraordinaria relevancia do sector de que se trata, máis notoria, se cabe, na actual conxuntura económica, e pola complexidade da distribución de competencias na materia, o que motiva que se trate de alcanzar o máximo consenso posible tanto coas comunidades autónomas como cos operadores comerciais.

As modificacións que introduce a lei xiran arredor das seguintes cuestións fundamentais:

En primeiro lugar, co fin de adaptar a regulación do sector á Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, modifícase a Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, en materia de establecementos comerciais.

Con carácter xeral, a instalación de establecementos comerciais non estará suxeita a réxime de autorización. Non obstante, de acordo co establecido pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, as autoridades competentes poderán establecer un réxime de autorización administrativa para a instalación de establecementos comerciais unicamente cando estea xustificado por razóns imperiosas de interese xeral amparadas pola normativa da Unión Europea e de acordo con requisitos e procedementos que se deberán xustificar consonte o principio de proporcionalidade. Ademais, as comunidades autónomas deberán identificar nas súas respectivas regulacións, de forma obxectiva e previsible, as razóns que motivan o establecemento destes réximes e o seu impacto estimado. Os requisitos que se establezan para o outorgamento destas autorizacións deberán atender conxuntamente a criterios baseados en razóns imperiosas de interese xeral relacionadas coa distribución comercial, como son a protección do ambiente e o contorno urbano, a ordenación do territorio, a conservación do patrimonio histórico artístico e a protección dos consumidores entendida conforme o disposto no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

Para someter á autorización administrativa a instalación de establecementos comerciais débense tomar en consideración os estudos da doutrina científica, segundo a cal podería xerar impacto ambiental e territorial a instalación e apertura de establecementos comerciais a partir dos 2.500 metros cadrados de superficie comercial. Neste senso, e tendo en conta a información técnica dispoñible sobre o impacto urbanístico e ambiental dos distintos tipos de establecementos comerciais, considérase que, aínda que en xeral non resulte xustificable o exercicio da potestade autorizatoria, a lei debe prever que, unha vez garantido o principio de proporcionalidade e o cumprimento doutros criterios de boa regulación, se poidan establecer réximes de autorización para establecementos comerciais.

Posto que, por seren contrarios á Directiva 2006/123/CE, en ningún caso se poderán establecer requisitos de natureza económica, suprimense os criterios económicos de outorgamento da autorización. Ademais, os criterios que, se for o caso, se establezan para a concesión da autorización deberán ser claros e inequívocos, predicibles, transparentes, accesibles e feitos públicos con anticipación, tal e como exige a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Canto á regulación do procedemento de autorización, que coordinará todos os trámites administrativos para a instalación de establecementos comerciais, remítese á normativa das comunidades autónomas. En todo caso, as autorizacións concederanse por tempo indefinido, referiranse unicamente ás condicións do establecemento físico e impedirán que

se exijan novas autorizacións por cambio de titularidade ou sucesión de empresas unha vez que no seu día se comprobase o impacto do establecemento, de acordo coas exigencias da Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, e o seu outorgamento realizarase por silencio positivo na falta de resolución administrativa expresa como medida de simplificación administrativa dirixida a facilitar o acceso á actividade. Tamén se prohíbe a intervención de competidores nos procedementos de autorización que cando, sexa o caso, se establezan para a instalación de establecementos comerciais.

Co fin de eliminar toda autorización innecesaria que supoña unha traba inustificada á liberdade de establecemento, suprímese a autorización previa para exercer a actividade de venda automática que outorgaban as autoridades competentes en materia de comercio e remítense á normativa técnica que resulte de aplicación.

No relativo ao exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, introdúcese as especificacións que á luz da Directiva 2006/123 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, deben ter as autorizacións municipais.

Simplifícase e actualízase a regulación das inscricións no Rexistro de Ventas a Distancia e o Rexistro de Franqueadores, que existen con carácter informativo no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, como medidas de política administrativa correspondentes á disciplina de mercado e dirixidos á protección do consumidor, tal e como declarou a sentenza 124/2003, do 19 de xuño, do Tribunal Constitucional. Substitúese a inscrición nes rexistros por unha obriga de comunicar a posteriori a actividade que se realiza.

Así mesmo, suprímese o Rexistro Especial de Entidades e Centrais de Distribución de Produtos Alimenticios Perecedoiros, creado polo Decreto lei 13/1975, do 17 de novembro, de ordenación económica. Esta medida obedece ao mandado de simplificación administrativa contido na Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro, pois que a materia regulada, alimentos perecedoiros, está suxeita á estrita ordenación comunitaria en materia de produtos alimenticios, materia en que exercen competencias tanto o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño como as comunidades autónomas, que nalgúns casos desenvolveron a regulación do mencionado rexistro.

En segundo termo, modifícase a regulación contida na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, en materia de infraccións e sancións. A competencia en materia de inspección e sancións corresponde ás comunidades autónomas e a lei parte do pleno respecto ás competencias autonómicas nesta materia. O obxectivo desta nova regulación é adecuar a contía das sancións á realidade económica do momento e introducir un novo criterio, relativo á capacidade ou solvencia económica da empresa, que, xunto cos xa determinados na lei, axude a unha graduación das sancións que teña en conta as características da empresa infractora para efectos da repercusión da infracción cometida no sector da distribución comercial, de modo que as sancións produzan efectivamente o efecto disuasorio e represivo que perseguen.

Procédese, en prol da maior clareza, a dar nova redacción á disposición derradeira única da Lei 7/1996, de forma que permita coñecer os títulos competenciais que amparan cada un dos seus artigos e o seu carácter básico ou non.

Por último, engádense cinco novas disposicións adicionais, que establecen que as administracións públicas competentes que incumpran o disposto polo ordenamento comunitario na materia obxecto desta lei, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas, asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que de tal incumprimento se derivasen e, así mesmo, sublíñase a obriga de levar a cabo, se for o caso, a avaliación de impacto ambiental con carácter previo á declaración responsable ou comunicación cando esta sexa a forma de control da actividade. Inclúese tamén unha nova disposición adicional referida ás condicións de accesibilidade e non-discriminación no acceso e utilización dos establecementos comerciais. Finalmente, incorpóranse outras dúas novas disposicións adicionais, unha relativa á planificación urbanística dos usos comerciais e outra que propón regular o réxime xurídico dos contratos de distribución comercial.

Artigo único. *Modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.*

A Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, queda modificada como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 2. *Establecementos comerciais.*

1. Terán a consideración de establecementos comerciais os locais e as construcións ou instalacións de carácter fixo e permanente, destinados ao exercicio regular de actividades comerciais, xa sexa de forma individual ou nun espazo colectivo, e independentemente de que se realice de forma continuada ou en días ou en temporadas determinadas.

2. Quedan incluídos na definición do número anterior os quioscos e, en xeral, as instalacións de calquera clase que cumpran a finalidade sinalada nela, sempre que teñan o carácter de inmoables de acordo co artigo 334 do Código civil.»

Dous. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Instalación de establecementos comerciais.*

1. Con carácter xeral, a instalación de establecementos comerciais non estará suxeita ao réxime de autorización comercial.

Non obstante o anterior, a instalación de establecementos comerciais poderá quedar sometida a unha autorización que se concederá por tempo indefinido cando, unha vez aplicados o xuízo de proporcionalidade, segundo o establecido no artigo 5.c) da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e o principio de non-discriminación, de maneira clara e inequívoca concorran razóns imperiosas de interese xeral relacionadas coa distribución comercial, de acordo co que se establece no seguinte número e así se motive suficientemente na lei que estableza ese réxime.

En ningún caso constitúen razóns imperiosas de interese xeral válidas para a imposición dun réxime de autorización as razóns de índole económica, de acordo co establecido no número 3 deste artigo.

2. Os requisitos que se establezan para a instalación de establecementos comerciais atenderán conxuntamente a criterios baseados en razóns imperiosas de interese xeral relacionadas coa distribución comercial, como a protección do ambiente e do contorno urbano, a ordenación do territorio e a conservación do patrimonio histórico e artístico.

En todo caso os requisitos, e cando sexa o caso os criterios de concesión da autorización, deberán ser proporcionados, non discriminatorios, claros e inequívocos, obxectivos, feitos públicos con anticipación, predicibles, transparentes e accesibles.

3. En ningún caso se poderán establecer requisitos de natureza económica que supediten a concesión da autorización á proba da existencia dunha necesidade económica ou dunha demanda no mercado, a que se avalíen os efectos económicos, posibles ou reais, da actividade ou a que se faga unha apreciación de se a actividade se axusta aos obxectivos de programación económica fixados pola autoridade competente ou a que se comercialicen produtos ou servizos dun tipo ou procedencia determinada. As razóns imperiosas de interese xeral que se invoquen non poderán encubrir requisitos de planificación económica.

Adicionalmente, a instalación de establecementos comerciais deberá respectar o establecido nos artigos 10 e 11 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

4. En todo caso corresponde ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla regular o procedemento de autorización para a instalación de establecementos comerciais a que se refire o número dous deste artigo, e determinar a autoridade autonómica ou local competente para resolver as solicitudes de autorización. Este procedemento coordinará todos os trámites administrativos necesarios para a instalación de establecementos comerciais. Sen prexuízo da regulación que ao respecto aproben as comunidades autónomas, as solicitudes presentadas deberanse resolver nun prazo máximo de seis meses, e como efecto da falta de resolución expresa establecerase o silencio positivo, con excepción dos supostos que recolle o artigo 6 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Non se poderá supeditar o outorgamento da autorización á intervención directa ou indirecta dos competidores no procedemento de outorgamento das autorizacións, mesmo en órganos consultivos, sen prexuízo das vías que se establezan para a consulta ao público en xeral. As autorizacións son libremente transmisibles polo seu titular. Non obstante, a transmisión deberá ser comunicada á Administración concedente unicamente para os efectos do seu coñecemento.»

Tres. O número 1 do artigo 28 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 28. *Concepto.*

1. Considérase venda de saldos a de produtos cuxo valor de mercado apareza manifestamente diminuído a causa da deterioración, desperfecto, desuso ou obsolescencia, sen que un produto teña esta consideración polo único feito de ser un excedente de produción ou de temporada.»

Catro. O número 2 do artigo 38 queda redactado como segue:

«2. As empresas de vendas a distancia deberán comunicar no prazo de tres meses o inicio da súa actividade ao Rexistro de Ventas a Distancia, que recollerá os datos que regulamentariamente se establezan.

As empresas de países terceiros non establecidas en España que practiquen vendas a distancia en territorio español comunicaran directamente ao Rexistro de Ventas a Distancia do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no prazo de tres meses desde o inicio da actividade.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio informará as comunidades autónomas das empresas de vendas a distancia rexistradas.

Do mesmo modo, as comunidades autónomas comunicarán ao Rexistro de Ventas a Distancia do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as modificacións que se produzan no rexistro autonómico correspondente.»

Cinco. Suprímese o número 3 do artigo 49 e dáselle nova redacción ao número 2, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Os distintos modelos de máquinas para a venda automática deberán cumprir a normativa técnica que lles sexa de aplicación.»

Seis. O artigo 50 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 50. *Advertencias obrigatorias.*

Para protección dos consumidores e usuarios, en todas as máquinas de venda deberán figurar con claridade:

a) A información referida ao produto e ao comerciante que o ofrece: o tipo de produto que expenden, o seu prezo, a identidade do oferente, así como un enderezo e teléfono onde se atendan as reclamacións.

b) A información relativa á máquina que expende o produto: o tipo de moedas que admite, as instrucións para a obtención do produto desexado, así como a acreditación do cumprimento da normativa técnica aplicable.»

Sete. O artigo 54 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 54. *Autorización.*

Corresponderá aos concellos outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante nos seus respectivos termos municipais, de acordo coas súas normas específicas e as contidas na lexislación vixente, de acordo co marco respectivo de competencias.

Non obstante o anterior, e posto que o número de autorizacións dispoñibles é limitado debido á escaseza de solo público habilitado para tal efecto, a duración das autorizacións non poderá ser por tempo indefinido, e deberá permitir, en todo caso, a amortización dos investimentos e unha remuneración equitativa dos capitais investidos.

O procedemento para a selección entre os posibles candidatos deberá garantir a transparencia e a imparcialidade e, en concreto, a publicidade adecuada do inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

A autorización que se outorgue non dará lugar a un procedemento de renovación automática nin implicará ningún outro tipo de vantaxe para o prestador cesante ou as persoas que estean especialmente vinculadas con el.»

Oito. O número 2 do artigo 62 queda redactado como segue:

«2. As persoas físicas ou xurídicas que pretendan desenvolver en territorio español a actividade de franqueadores a que se refire o número anterior, deberán comunicar o inicio da súa actividade no prazo de tres meses desde o seu inicio ao Rexistro de Franqueadores, que recollerá os datos que regulamentariamente se establezan.

As empresas de países terceiros non establecidas en España que pretendan desenvolver en España a actividade de franqueadores comunicaran directamente ao Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no prazo de tres meses desde o seu inicio.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio informará as comunidades autónomas das empresas franqueadoras rexistradas.

Do mesmo modo, as comunidades autónomas comunicarán ao Rexistro de Franqueadores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as modificacións que se produzan no rexistro autonómico correspondente.»

Nove. Engádesse un número 5 ao artigo 63 coa seguinte redacción:

«5. As persoas e as entidades de calquera natureza xurídica que dispoñan ou teñan o deber xurídico de dispor de información ou documentación que puider contribuir ao esclarecemento da comisión de infraccións tipificadas nesta lei ou á determinación do seu alcance e/ou da súa gravidade, teñen o deber de colaborar coas autoridades competentes en materia de ordenación do comercio. Para tal efecto, dentro dos prazos establecidos, deberán facilitar a información e os documentos que lles sexan requiridos pola inspección no exercicio das súas funcións.»

Dez. As letras a) e r) do artigo 65.1 quedan redactadas do seguinte modo:

«a) Exercer unha actividade comercial sen autorización previa no caso de que esta sexa preceptiva, ou sen ter realizado a comunicación en prazo ao Rexistro de Ventas a Distancia, ou non realizar as comunicacións ou notificacións á Administración comercial exixidas pola normativa vixente.

r) O incumprimento por parte dos que outorguen o contrato de franquía da obriga de comunicaren o inicio de actividade ao Rexistro de Franqueadores no prazo a que se refire o artigo 62.2, así como a falta de actualización dos datos que con carácter anual deben realizar.»

Engádense unha nova alínea ao artigo 65.1:

«s) Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta fose solicitada de conformidade coa normativa de aplicación e teña carácter esencial, se xeren graves danos ou exista intencionalidade.»

Once. Os números 1, 2 e 3 do artigo 68 quedan redactados do seguinte modo:

«1. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 30.000 euros até 900.000 euros.

2. As infraccións graves sancionaranse con multa de 6.000 euros a 30.000 euros.

3. As infraccións leves sancionaranse con multa de até 6.000 euros.»

Doce. O artigo 69 queda redactado como segue:

«As sancións graduaranse especialmente en función do volume da facturación que afecte, contía do beneficio obtido, grao de intencionalidade, prazo de tempo durante o que se viñese cometendo a infracción, reincidencia e capacidade ou solvencia económica da empresa.»

Trece. Engádense cinco novas disposicións adicionais:

«Disposición adicional sétima. *Compensación de débedas en caso de responsabilidade por incumprimento.*

As administracións públicas que, no exercicio das súas competencias, incumpran o disposto nesta lei ou no dereito comunitario europeo afectado e dean lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que de tal incumprimento se derivasen. No procedemento de imputación de responsabilidade que se tramite garantirase, en todo caso, a audiencia da Administración afectada, podendo compensarse o importe que se determine con cargo ás transferencias financeiras que a mesma Administración reciba.

A Administración do Estado poderá compensar a débeda contraída pola Administración responsable coa Facenda pública estatal coas cantidades que deba transferir a aquela, de acordo co procedemento regulado na Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. En todo caso, no procedemento de imputación de responsabilidade que se tramite garantirase a audiencia da Administración afectada.

Disposición adicional oitava. *Proxectos que se deban someter a avaliación de impacto ambiental.*

Cando, de acordo con esta lei, se exixa unha declaración responsable ou unha comunicación para o acceso a unha actividade ou o seu exercicio e unha avaliación de impacto ambiental, conforme o texto refundido da Lei de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, ou á normativa autonómica de desenvolvemento, a declaración responsable ou a comunicación non poderá presentarse até ter levado a cabo esa avaliación de impacto ambiental e, en todo caso, deberá disporse da documentación que así o acredite.

Disposición adicional novena. *Condicións de accesibilidade.*

Os establecementos comerciais incluídos no ámbito desta lei deberán observar as normas sobre condicións de accesibilidade e non-discriminación no seu acceso e utilización, de acordo co establecido nos desenvolvementos da disposición derradeira sexta da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e, se for o caso, a normativa autonómica de aplicación.

Disposición adicional décima. *Planificación urbanística dos usos comerciais.*

As autoridades competentes no deseño da planificación urbanística atenderán aos problemas de mobilidade e desprazamentos derivados das concentracións comerciais fóra dos núcleos urbanos, así como terán en conta o abastecemento inmediato e adecuado da poboación, facilitando a satisfacción das necesidades de compra nun ámbito de proximidade, con especial atención a aqueles cidadáns que por calquera razón teñen dificultades de desprazamento.

Disposición adicional décimo primeira. *Réxime xurídico dos contratos de distribución comercial.*

Para os efectos de aplicación das normas establecidas pola Directiva europea 2006/123/CE e co fin de eliminar barreiras administrativas na prestación de servizos, e dadas as circunstancias especiais do sector e doutros que se recollen no informe sobre problemática dos contratos de distribución de marzo de 2009 do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que elaborou o Goberno, este procederá a regular o réxime xurídico dos contratos de distribución comercial.»

Catorce. A disposición derradeira única queda redactada como segue:

«Disposición derradeira única.

Os artigos 1, 8, 10, 11, 12, 16, 17, 38.1, 38.3, 38.4, 38.8, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 49.1, 51, 52, 53, 56, 57, 59, 60, 61, 62.1, 63, e as disposicións adicionais segunda, terceira e cuarta desta lei constitúen lexislación civil e mercantil e serán de aplicación xeral por se ampararen na competencia exclusiva do Estado para regular o contido do dereito privado dos contratos, resultante das regras 6.^a e 8.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Os artigos 38.5, 38.6 e 38.7 constitúen tamén lexislación civil e mercantil e ampáranse nas competencias exclusivas do Estado para regular o contido do dereito privado dos contratos e para regular as telecomunicacións, resultantes das regras 6.^a, 8.^a e 21.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Os artigos 14, 15, 23.3, 24, 25, 28.1, 30.1, 31.2 e 33 desta lei ampáranse na competencia exclusiva do Estado para regular o dereito mercantil da competencia, resultante da regra 6.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Os artigos 2, 3, 4, 5, 6.1, 6.2, 6.3, 13, 17, 37, 38.2, 62.2, 64.j), 65.1.a), 65.1.b), 65.1.c), 65.1.e), 65.1.f), 65.1.ñ), 65.1.r) e 65.1.s) desta lei terán a consideración de normativa básica ditada ao abeiro da regra 13.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Os artigos 6.4 e 54 desta lei dítanse ao abeiro do disposto nas regras 13.^a e 18.^a da Constitución, que establecen a competencia exclusiva do Estado sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os artigos 67 e 70 dítanse ao abeiro do disposto nas regras 1.^a e 18.^a do artigo 149.1 da Constitución.

O artigo 69 terá carácter básico e dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os

españóis no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais contida na regra 1.^a do artigo 149.1 da Constitución.

A disposición adicional sétima terá carácter básico e dítase ao abeiro das regras 13.^a, 14.^a e 18.^a do artigo 149.1 da Constitución que establecen a competencia exclusiva do Estado sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, sobre a Facenda xeral e a débeda do Estado e para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

A disposición adicional oitava terá carácter básico e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente.

Os restantes preceptos desta lei poderán ser de aplicación na falta de lexislación específica ditada polas comunidades autónomas.»

Disposición transitoria primeira.

As autorizacións para o exercicio da venda ambulante concedidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei quedarán prorrogadas automaticamente. Non obstante, estas autorizacións non poderán estender a súa duración alén dos prazos de vixencia que establezan as administracións públicas competentes no seu respectivo ámbito territorial, en cumprimento do número 7 do artigo único desta lei. O prazo computarase desde a entrada en vigor da normativa de desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición transitoria segunda.

A contía máxima das infraccións moi graves establecidas no número once será de 500.000 euros até o 31 de decembro de 2010.

E a partir do 1 de xaneiro de 2011 as contías establecidas no número once aplicaranse na súa totalidade e revisaranse en función do IPC anual.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o número 5 do artigo 6, o artigo 7 e o número 3 do artigo 49 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, así como o segundo parágrafo do artigo 17.1 e o artigo 17.2 do Decreto lei 13/1975, do 17 de novembro, de ordenación económica e polo que se aproba un programa especial de financiamento de vivendas e outras medidas conxunturais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A nova redacción dos artigos 2, 6.1, 6.2, 6.3, 38.2, 49.2, 50, 62.2, 64.j), 65.1.a), 65.1.r) e 65.1.s) da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, que se establece nos números un, dous, catro, cinco, seis, oito e dez do artigo único desta lei, ampárase no disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

A nova redacción do artigo 6.4 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, que se establece no número dous do artigo único desta lei, dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

A nova redacción dos artigos 6.4 e 54 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, que se establece nos números dous e seis do artigo único desta lei, dítanse ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

A nova disposición adicional sétima que se introduce no número trece do artigo único desta lei ampárase no disposto nos artigos 149.1.13.^a, 149.1.14.^a e 149.1.18.^a que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, sobre a Facenda xeral e a débeda do Estado e para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

A nova disposición adicional oitava que se introduce no número trece do artigo único desta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior.

Disposición derradeira terceira. *Localización das máquinas expendedoras de tabaco.*

Con efectos do 27 de decembro de 2009 modifícase a alínea b) do artigo 4 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, que queda redactado co seguinte texto:

«b) Localización: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco só poderán situarse no interior de quioscos de prensa situados na vía pública ou no interior de locais, centros ou establecementos en que non estea prohibido fumar e en locais específicos de venda de prensa con acceso directo á vía pública, así como naqueles a que se refiren as alíneas b), c) e d) do artigo 8.1 nunha localización que permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores.

Non se poderán situar nas áreas anexas ou de acceso previo aos locais, como son as zonas de tornaventos, soportais, pórticos, corredores de centros comerciais, vestíbulos, distribuidores, escaleiras ou lugares similares que poidan ser parte dun inmovible pero non constitúen propiamente o interior deste.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de marzo de 2010

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO